

FOLGA ESTUDANTIL FEMINISTA

8 MARZO

**Seguen a matarnos
e a violarnos!**



**Basta de negar
a violencia machista!**

**NON Ó XENOCIDIO
SIONISTA EN GAZA!**

MANIFESTACIÓNS 12h

A CORUÑA: Obelisco | FERROL: Edificio Xunta



libresycombativas.net
sindicatodeestudiantes.net

O ano pasado novamente se superaron tódolos rexistros relativos a violencia machista. Foron asasinadas 56 mulleres, 7 máis que en 2022, as violacións incrementáronse nun 53,2%, sufrimos un regueiro de agresións sexuais contra nenas e mozas moi novas, centos de denuncias foron arquivadas xudicialmente deixando a maltratadores na rúa, milleiros de mulleres foron vítimas de trata, de prostitución, dos ventres de alugueiro...

Está claro. **Nós poñemos as mortas e aquí non pasa nada.** E mentres esta escalada de violencia continúa, **a extrema dereita** do Partido Popular e Vox **insiste no seu discurso negacionista e machista** contra as mulleres e o colectivo LGTBI e rise do feminismo alí onde gobernan. Queren vinganza, porque para estes reaccionarios o que fixemos nos últimos anos é imperdoable. Coa nosa loita deixamos moi claro que non aceptamos nin o seu machismo nin a súa xustiza, nin cargar nunca máis coa desigualdade e a submisión, nin soportar humillacións sen alzar a voz. **Acabouse!**

Estamos fartas da violencia sexual e dos xuíces franquistas. Estamos fartas de andar con medo pola rúa e de tanta impunidade. E tamén estamos **fartas de escoitar promesas** por parte do actual Goberno que non se materializan nun cambio real. O PSOE atacou a *Lei do Só Si é Si* votando xunto á dereita a súa derogación, fixo todo o posible porque a Lei Trans non saíse adiante, puxo á fronte do Instituto das Mulleres a unha representante do odio tráfobico, vacilaron ante o mafioso e machirulo de Rubiales ata que non lles quedou máis remedio, e seguen sen enfrontarse ó poder da Igrexa.

A pesar de toda a verborrea sobre a explotación das mulleres, o Goberno segue negándose a que exista unha **materia de educación sexual inclusiva para combater a cultura da violación nas aulas**, como vimos reivindicando desde Libres e Combativas e o Sindicato de Estudantes todos estes anos.

Por iso este 8M volvemos á loita, porque a mocidade estudantil é na súa maioría feminista, antifascista, anticapitalista e internacionalista, e defende os dereitos das persoas trans e do conxunto do colectivo LGTBI. **Este 8M as feministas tamén levantaremos ben alto a bandeira palestina**, porque as nosas irmás e irmáns de Gaza están a ser masacradas polo sionismo fascista, coa complicidade de EEUU e a UE.

O vindeiro 8 de marzo desde Libres e Combativas e o Sindicato de Estudantes chamamos a todas e tódolos estudantes á **folga xeral estudantil feminista**, a baleirar as aulas e encher as rúas.

Todas e todos á manifestacións ás 12h!

Únete ao feminismo combativo, únete a Libres e Combativas!